

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne no Pazo provincial ás 12:30 h do día 24 de maio de 2024, baixo a presidencia de, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D. JAVIER TOURÍS ROMERO**, na vacante producida pola renuncia de D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, **D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D.ª ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, D. CARLOS GÓMEZ PRADO, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ** en substitución de D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, **D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 19 de abril de 2024.

2. DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2024 (EXPTE. 2024010382)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas, publicadas no BOPPO núm. 80, de 24 de abril de 2024, que teñen por obxecto a probar a convocatoria pola que se rexerán a concesión, o seguimento e a xustificación de axudas para a organización de festivais ou certames musicais e teatrais de prestixio na provincia de Pontevedra, que lles dediquen especial atención á programación e á difusión da música e do teatro galegas e que se levasen a cabo como mínimo en tres edicións consecutivas nos últimos catro anos. Rexeranse por concorrencia competitiva e segundo uns criterios de valoración.

Estas axudas, que se convocarán con cargo á aplicación orzamentaria 24/330.3340.489.05 por un importe total de cento sesenta e cinco mil (165.000,00) euros, non poderán superar o 75 % do orzamento presentado e o prazo de solicitude será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e na BDNS.



3.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES CULTURAI S EN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2024 (EXPTE. 2024002977)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas a entidades culturais para actividades de dinamización lingüística, publicadas no BOPPO núm. 81, do 25 de abril de 2024, que teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega, co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e nas actividades que organicen as entidades culturais sen fins de lucro no seu termo municipal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

As axudas convócanse con cargo á aplicación 24/334.3340.489.05 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000,00) euros e non poderán superar o 75% do orzamento presentado para a súa realización nin os 3.500,00 euros. O prazo de solicitude será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e BDNS.

4.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2024 (EXPTE. 2024002979)

O presidente dá conta das bases de subvencións aos concellos para actividades de dinamización lingüística, publicadas no BOPPO núm. 82, do 26 de abril de 2024, que teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, o seguimento e a xustificación de axudas para promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega, co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social e nas actividades que organicen os concellos de menos de 50.000 habitantes no seu termo municipal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

As axudas convócanse con cargo á aplicación 24/334.3340.462.04 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000,00) euros e non poderán superar o 75% do orzamento presentado para a súa realización. O prazo de solicitude será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e BDNS.

5.- DAR CONTA DAS XX XORNADAS DE XENEALOXÍA, HERÁLDICA E NOBILIARIA DE GALICIA ORGANIZADAS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 21 AO 23 DE MAIO NO CASTELO DE SOUTOMAIOR (EXPTE. 2024030687)



O presidente dá conta da organización, por parte do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, das XX Xornadas de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia que tiveron lugar os días 21, 22 e 23 de maio no Castelo de Soutomaior. Nestas xornadas, tratadistas e estudosos/as da liñaxe Sotomayor desvelaron os detalles desta estirpe, que supuxo unha revolución histórica desde os puntos de vista documental, heráldico, xenealóxico e nobiliario, ao tempo que afondaron na historia do castelo e dos emblemas heráldicos dos seus antigos señores e na historia de Galicia desde o século XII ata a actualidade. As persoas interesadas puideron inscribirse libre e gratuitamente a través de correo electrónico.

Para o desenvolvemento das xornadas, preveuse un custo de tres mil cen euros (3.100 €) euros, con cargo á partida orzamentaria 24/332-3322-226.06, distribuídos nos honorarios ás persoas relatoras e o aperitivo servido pola Pousada do Castelo de Soutomaior.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:35 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión, do que eu como secretaria dou fe.

